




Equipaxe muda



A historia está inscrita nos recordos e nas experiencias de calquera galego ou galega que estea atinxido pola emigración, ou sexa, todos.

Emigrantes · Shaun Tan · Barbara Fiore
Editora, 2006 · 132 páx. · 24 euros

O ilustrador australiano Shaun Tan obtivo unha bolsa coa que, ao ritmo de oito horas diarias de traballo durante catro anos, construíu unha obra que titulou *The arrival* e que agora a editora Barbara Fiore nos ofrece baixo o título de *Emigrantes*, única palabra traducida pois a obra carece de calquera outra.

Trátase dun produto que vén definido como “novela gráfica sen palabras” e que está situado no camiño que relaciona o cómic co libro ilustrado. Unha narratividade baseada na secuenciación, disposición e composición da imaxe achégana ao cómic, mentres que a ambición narrativa e a literariedade (a *literariness* dos formalistas rusos) danlle un carácter máis literario.

A historia que se nos conta está inscrita nos recordos e nas experiencias de calquera galego ou galega que, directa ou indirectamente, estea atinxido pola emigración, ou sexa, todos.

Un ser humano, aquí un home, nos comezos do século XX, pasa a ollada moi de vagariño por unha serie de obxectos comúns: un reloxo, un chapeu, unha teteira, unha pota, unha cunca, un debuxo infantil, un retrato familiar... Colle este e envurúllao coidadosamente para gardalo nunha maleta que pecha e amarra; sobre dela a súa man e a da súa esposa uníranse amorosamente nun dramático aceno de despedida. Coa filla pola man atravesan a cidade durmida e baleira... A despedida...

O tren... O barco, o ceo e o mar enchen unha travesía longa e demorada que o levará ao lugar onde habita a soidade. A unha Metrópole de Fritz Lang onde os edificios, as palabras, os costumes, as comidas, a fauna mesma, resultan indescifráveis para o emigrante. Haberá pois de traspasar a estrañeza para conformar un novo contorno familiar e para iso deberá de se valer do achegamento aos outros que, coma el, están no colo do desvalimento. Dese xeito, e esvaecidas as lindes entre realidade e fantasía para crear unha nova realidade asumíbel, o emigrante atopará os camiños de subsistencia no alleo coa esperanza posta sempre na indestrutíbel arela do retorno.

A técnica gráfica, que é dunha mestría indiscutíbel, procura unha imitación á fotográfica (encadres, grao, forma da viñeta...) para acadar unha identificación do lector que, unido a unha disposición moitas veces semellante ao álbum de fotos, permite unha función narrativa destinada á identificación do lector, unha apelación á “memoria” da emigración que dorme en todos nós.

Realizado nunha monocromía que aproveita os xogos tonais e as luces matizadas para incrementar un poder narrativo que viña xa disposto pola composición da plana que unhas veces faise en viñetas e outras en páxina completa e, mesmo, en dobre páxina. Un libro para moito ler e para moito falar cando se poña na man dos adolescentes.

// **Xabier P. DoCampo**